


GESTEGA



“Resultou complicado facer entender á xente o valor engadido que lles podía ofrecer”

Miguel Ángel López Vázquez

Datos básicos

Actividade:	Xestión cinexética
Sector de actividade	Agricultura, gandería e pesca
Nº empregados	1
Inversión inicial	12.000 €
Financiamento inicial:	O investimento inicial foi financiado cun microcrédito do IGAPE avalado por AFIGAL.
Web:	
Municipio:	Sarria, Lugo
Ano creación:	2003

Descrición do proxecto

Tento acadar acordos con propietarios para que me cedan os terreos cinexéticos e consigo financiamento para os explotar cinexéticamente.

Desenvolvendo esta actividade, poño en marcha un plano de ordenamento do territorio e de recuperación de terreos abandonados. Ademais desenvólvese un plano de silvicultura de coníferas e frondosas para reducir o risco de incendios, recupérase a produción de cereais e hortalizas e aumenta a densidade de especies cinexéticas. Todas estas accións no seu conxunto, reverten no incremento do turismo na zona, a recuperación económica e a creación de emprego no medio rural.

O meu obxectivo nun futuro próximo é desenvolver un proxecto de granxa cinexética de caza menor para repoboar os devanditos terreos coa miña propia produción. Dedicaríame unicamente a caza menor posto que en Galicia, debido á rede vial, a caza maior é inviable.

A relación de servizos que ofrezco é a seguinte:

- Plano anual de caza
- Trámites administrativos
- Calendario de batidas
- Memorias para solicitude de subvencións
- Memorias de zonas de caza intensiva
- Memorias de zona de adestramento de cans
- Boletíns informativos aos socios
- Vacinações de coellos
- Repoboacións con especies cinexéticas
- Control de socios e das contas do TECOR
- Desbroces e sementados
- Sinalizacións
- Biotopos e cercados para coellos
- Gardería do TECOR



Datos empresa

Claves do éxito


Unha das claves fundamentais consiste en investir moitas horas de traballo para falar coas xentes do medio rural e explicarlles o proxecto. Tamén a decisión persoal e a tenacidade de desenvolver unha idea, en principio bastante complexa.

Situación actual

A empresa atópase nun período de adaptación e captación de proxectos. Estou desenvolvendo un proxecto para unha explotación cinexética de 1.600 Ha. de superficie. Tentarei adquirir un baixo para ampliar as oficinas e abrir unha tenda relacionada de venta de artigos de caza, pesca e produtos fitosanitarios para o sector forestal. Penso que ter unha tenda permitirame tomar contacto coa xente, coñecer e que me coñezan para poderlles transmitir a importancia da recuperación das terras abandonadas. Na medida do posible, tentarei contratar persoal para vixilancia da explotación, traballos de campo e atención á tenda.

Perfil cliente

Adoitan ser persoas de idades comprendidas entre 30 e 60 anos, titulares ou presidentes de sociedades de cazadores, comunidades de montes ou TECOREs que queiran aproveitar a superficie do mesmo para obter unha rendibilidade económica.



Idea inicial

Fun secretario durante dez anos dun TECOR e observei os problemas derivados da baixa densidade de especies cinexéticas de caza menor, como coello, perdiz e lebre. Isto era debido basicamente ao abandono das terras de cultivo, a proliferación de monte alto e a mala xestión das repoboacións forestais. A adaptación da nova Lei de caza abriu unha posibilidade de desenvolver un sector que, noutras partes de España, xera importantes beneficios.

Principales dificultades y amenazas futuras

As principais dificultades foron a busca de financiamento, a lentitude dos trámites burocráticos, a escaseza de axudas e facer comprender á xente o valor engadido que lles pode reportar.

Perfil promotores

O promotor ten formación profesional de segundo grao en Mestría Industrial e é estudante do último curso de Enxeñería Técnica Forestal e Agrícola. É ademais técnico auxiliar forestal, garda de caza e monitor deportivo e realizou diversos cursos sobre conservación e recursos, caza, cooperativismo agrario, tratamento da madeira e ordenación e xestión cinexética.

No ano 2003 crea a empresa GESTEGA (Gestión y Ordenación del Territorio), catalogada como ILE e finalista entre os proxectos UNIEMPRENDE

Colaborou co dpto. de urbanismo en regulacións e normativas para cortes, granxas, etc.

Na actualidade, é propietario dos dereitos cinexéticos de 2000 ha. no concello de Sarria, que se transformarán nunha explotación cinexética mixta para a venda de xornadas de caza.

Ten ademais un proxecto de creación dun tobo de cría de coellos en semiliberdade e un parque de voo para perdiz.

Aptitudes necesarias

Penso que é fundamental ter don de xentes e credibilidade. E por suposto, unha grande capacidade de traballo e de sacrificio.



Guía de Actividad

Granxas cinxéticas (www.guias.bicgalicia.es)

Motivacións

**Dedicarme ao que me gusta
O reto que supón**

**Dirixir persoas e organizacións
Saír do desemprego**

**A independencia que proporciona
Demostrar aos demais as miñas
capacidades**

**Gañar cartos
Ser o meu propio xefe**

Formación

¿Recibi información específica sobre a creación de empresas?

Realicei un plano de empresa asesorado por UNIEMPRENDE, da Universidade de Lugo.

¿Considera importante recibir formación específica sobre creación de empresas para desenvolver con éxito un proxecto empresarial?

No meu caso, déixoo en interrogante porque non sei que tería ocorrido no caso de posuír unha formación ampla e profunda sobre creación de empresas.

Anecdotalio

Cando presentei o meu proxecto en Santiago para os premios UNIEMPRENDE, unha persoa do xurado preguntoume se necesitaba un socio capitalista.

